



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Propoño ás súas señorías que a continuación gardemos un minuto de silencio en recordo das vítimas do atentado ocorrido o pasado domingo, día 9 de novembro, en Afganistán.

O Parlamento de Galicia lamenta profundamente o falecemento do Cabo 1º Rubén Alonso Ríos e do Brigada Juan Andrés Suárez García, e quere presentar as súas condolencias, solidariedade e apoio ás súas familias, así como desexarlles unha pronta recuperación aos feridos.

Os membros da Cámara autonómica amosamos a nosa repulsa contra este atentado e apoiamos o traballo desenvolvido polas forzas armadas en defensa da paz e da liberdade.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2008